

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS DE APARELLADORES E ARQUITECTOS TÉCNICOS CON RELACIÓN AO MÁSTER BIM (BUILDING INFORMATION MODELING)- TÍTULO PROPIO DA UDC (referencia 432/2021)

### COMPARECEN

Dunha parte, a **Universidade da Coruña**, (en diante UDC), con CIF Q-6550005-J e domicilio en r/Maestranza nº 9, 15001, A Coruña, España, e no seu nome e representación **D. Julio E. Abalde Alonso**, reitor da Universidade da Coruña, nomeado por Decreto 5/2020 de 9 de xaneiro (DOG nº 7 do 13 de xaneiro de 2020) e actuando en función das competencias que ten asignadas dacordo co artigo 36 dos Estatutos da Universidad de A Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004 de 13 de maio (DOG 26 de maio) y modificados por el Decreto 194/2007 de 11 de outubro (DOG nº 198, de 17 de outubro).

Doutra parte, O **Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos** (en adiante o CGCAAT), con CIF V-15668148 e domicilio en c/Ramón Piñeiro 23, baixo, 157002, Santiago de Compostela, A Coruña, España, e no seu nome e representación **D. Pelayo C. Eyo Valladares**, en calidade de Presidente, segundo os Estatutos do Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, e actuando en función das competencias asignadas dacordo o seu cargo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir en nome das Entidades que representan, teñen conferidas e

### EXPOÑEN

- PRIMEIRO.-** Que a UDC é unha entidade que desenvolve actividades de Investigación, Formación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico.
- SEGUNDO.-** Que para o mellor cumprimento dos seus fines, a Universidade da Coruña poderá articular as súas actividades con outras entidades e manterá relacións con centros de investigación e institucións culturais e sociais.
- TERCEIRO.-** Que a UDC oferta un título propio denominado **Máster en BIM (BUILDING INFORMATION MODELING)** (en adiante máster).

- CUARTO.-** Que o CGCAAT ten entre outros obxectivos servir os lexítimos intereses dos colexiados e do seu exercicio profesional, así como os de carácter xeral da sociedade e prestar colaboración na organización dos centros docentes correspondentes a profesión.
- QUINTO.-** Que ambas entidades están interesadas en establecer unha colaboración para o correcto desenvolvemento das actividades enmarcadas neste convenio, dacordo coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O CGCAAT e a UDC, comprométense a fomentar nos campos da docencia, as vantaxes que o máster facilita as persoas que o realicen.

### SEGUNDA.- CONDICIÓNS DA COLABORACIÓN

Con obxecto de satisfacer os obxectivos definidos no artigo anterior, ambas partes comprométense, a:

- a) Por parte da UDC
  1. Aplicar, os colexiados do CGCAAT, un desconto na matrícula dun 10% do importe ordinario na matrícula do Máster en BIM (Building Information Modeling) e/ou de igual modo o seu curso derivado denominado curso de especialización en BIM (Building Information Modeling)
  2. Publicitar a colaboración na páxina do máster
  3. Permitir o uso da imaxe corporativa do máster na divulgación da información do máster
- b) Por parte do CGCAAT
  1. A publicitar o máster entre os colexiados mediante os boletíns que se envían
  2. A publicitar o máster nos canles habituais de que dispoña o CGCAAT (Redes sociais, páxina web...)
  3. Permitir o uso da imaxe corporativa do CGCAAT (logo e enlace a páxina web) nos medios de difusión do máster.
- c) Por ambas entidades
  1. Asesorar mutuamente en cuestións relacionadas coas actividades realizadas

### TERCEIRA.- CONFIDENCIALIDADE

A UDC e O CGCAAT manterán confidencial calquera Información, sempre que non sexa de dominio público, que reciban da outra parte non desvelándoa de ningún xeito sen autorización expresa da outra parte e non utilizándoa para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido polo presente Convenio.

Tanto a Información Adquirida, como datos e informes obtidos durante a colaboración obxecto do presente Convenio terán carácter confidencial.

#### **CUARTA.- FINANCIAMENTO E XESTIÓN ECONÓMICA**

O presente acordo non debe interpretarse no sentido de crear unha relación legal ou financeira entre as partes.

As dúas entidades, baseándose na xusta reciprocidade, intentarán conseguir os fondos de financiación externos que se utilizarán para apoiar as actividades a realizar no ámbito deste acordo.

#### **QUINTA.- SEGUIMIENTO, VIXIANCIA E CONTROL**

Para facilitar a elaboración de dito acordo, constituirase unha comisión de seguimento paritaria integrada por:

Por parte da UDC:

- O Director do máster ou persoa en quen delegue.

por parte do CGCAAT

- O Presidente/a ou persoa en quen delegue.

A comisión de seguimento celebrará o menos unha sesión anual, en onde a orde do día constará dun punto de balance das accións realizadas ou en curso en cada ano natural.

#### **SEXTA.- DURACIÓN**

O presente Convenio entrará en vigor a partir do día seguinte á súa sinatura e terá unha duración de **4 anos**. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

#### **SÉTIMA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

A modificación do contido do convenio requirirá o acordo unánime dos asinantes

O presente convenio poderá resolverse por denuncia de calquera das partes mediante preaviso comunicado en forma fehaciente á outra parte polos menos con tres (3) meses de antelación á data de resolución proposta.

#### **OITAVA.- XURISDICCIÓN**

As Partes comprométese a resolver de xeito amistoso calquera desacuerdo que poida xurdir no desenvolvemento do presente Convenio.

En caso de conflito ambas partes acordan someter a arbitraje toda controversia, cuestión ou incidencia que entre elas poida xurdir en relación con este acordo.

## **NOVENA. PROTECCIÓN DE DATOS E CONFIDENCIALIDADE**

As partes asinantes deste convenio comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan dixitalmente o presente documento na data que se indica a continuación

A 18 de maio de 2021

Pola UDC

Polo CGCAAT

D. Julio E. Abalde Alonso  
Reitor

D. Pelayo C. Eyo Valladares  
Presidente